



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE XUÑO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan determinados instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regula o pago de recursos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades de crédito colaboradoras e mediante tarxeta de crédito e débito a través de sistemas Terminal Punto de Venda.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da prórroga da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2019, por un importe total de noventa e oito mil seiscientos euros (98.600,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación das obras de conexión exterior de saneamento do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, con orzamento base de licitación e valor estimado por importe de seis millón catrocentos sesenta e tres mil cento sesenta e un euros con corenta e nove céntimos (6.463.161,49 €), IVE excluído.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación das obras de urbanización fase B do Proxecto Sectorial Modificado do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, con orzamento base de licitación e valor estimado por importe de once millóns trescentos dezanove mil seiscientos corenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (11.319.644,51 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se aproba a modificación do proxecto sectorial do parque de Actividades Económicas de Arteixo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada “Proxecto de ampliación da capacidade da Avda. da Deputación no Polígono Industrial de Sabón (Arteixo)”, clave: AC/17/193.03, por importe de cinco millóns oitocentos oitenta mil novecientos euros con trinta e un céntimos (5.880.900,31€) e un valor estimado de catro millóns oitocentos sesenta mil douscentos corenta e oito euros con dezanove céntimos (4.860.248,19€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa do cheque autónomo seguimos adiante, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, por un importe de dezaseis millóns de euros (16.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de Saúde Mental de Galicia 2020-2024 poscovid-19.
- Acordo polo que se autoriza o décimo cuarto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado por Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2020 ao 30/06/2021, por un importe de novecientos oito mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta céntimos (908.883,60€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza o décimo quinto acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado por orde do 18 de xuño de 2001, subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2020 ao 30/06/2021, por importe total de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo cuarto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado por Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, publicado, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2020 ao 30/06/2021, por importe de sesenta e seis mil oitocentos trinta e dous euros con sesenta céntimos (66.832,60€).
- Acordo polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2020, por importe de catrocentos sesenta e nove mil seiscientos catro euros con corenta e un céntimos (469.604,41€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa do Regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.



CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a Estratexia galega de mobilidade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o acordo de participación das entidades de economía social nas medidas de activación económica.
- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas para a posta en marcha de centros de fabricación avanzada.
- Informe sobre a convocatoria de axudas para a construción en madeira.
- Informe sobre a publicación das consultas preliminares ao mercado para a definición do novo período de programación da Civil UAVs Initiative 2021-2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do subministro de diverso material para facer fronte á covid-19 nos centros do Hospital Público do Barco de Valdeorras, por importe de dezaioito mil cento sesenta e catro euros con sesenta e un céntimos (18.164,61€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do terceiro subministro de diverso material para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de douscentos vinte e nove mil oitocentos sesenta e sete euros con noventa e un céntimos (229.867,91€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia da Subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar a covid-19: camas de hospitalización, centrais de monitorización e un equipo portátil dixital de Raios X", por importe de oitocentos oitenta e tres mil cento cincuenta e nove euros con oitenta e nove céntimos (883.159,89 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe das obras de reparación e conservación para a sustentabilidade dos centros de servizos sociais no marco do Plan de Recuperación Social 2020.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as próximas entregas de títulos de propiedade de concentración parcelaria e de posibles próximos Decretos de novas zonas de reestruturación parcelaria.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros para o ano 2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA AVALIARÁ A CALIDADE DAS SÚAS POLÍTICAS E SERVIZOS PÚBLICOS
PARA MELLORAR A PRESTACIÓN AOS USUARIOS**

- *O Consello da Xunta autorizou o proxecto de decreto que regula os instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia*
- *O texto tamén inclúe a realización de estudos sobre a análise da demanda e o grao de satisfacción da cidadanía para coñecer a súa opinión e a calidade percibida sobre os servizos prestados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula os instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia, adaptándoos ao desenvolvemento da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. Entre as principais novidades do texto destaca a avaliación da calidade das políticas e servizos públicos xunto coa realización de estudos de análise da demanda e do grao de satisfacción dos usuarios dos servizos públicos.

Este proxecto de decreto establece o contido do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos galegos; as directrices para a avaliación das políticas públicas dos servizos públicos; así como a adaptación das cartas de servizos ao novo marco establecido pola Lei 1/2015, do 1 de abril.

Ademais, por primeira vez, apróbanse as bases para a realización de estudos de análise da demanda e do grao de satisfacción das persoas usuarias dos servizos públicos como instrumentos para coñecer e analizar a opinión, a calidade percibida e o grao de satisfacción da cidadanía sobre os servizos públicos prestados. Nesta liña, terán prioridade os servizos cunha implicación máis directa coa cidadanía ou empresas ou que requiran de cartas de servizos.

Así mesmo, crearase o Rexistro de estudos da análise da demanda e do grao de satisfacción das persoas usuarias do servizo, adscrito ao órgano competente en avaliación e calidade dos servizos públicos.

Un dos aspectos destacados deste decreto consiste en regular como se deben avaliar periodicamente as políticas e os servizos públicos para melloralos de forma continua. De feito, un dos obxectivos é que a avaliación das políticas públicas se converta nunha ferramenta de bo goberno, institucionalizando as rutinas avaliadoras dentro da xestión



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dos asuntos públicos como parte da cultura administrativa do sector público autonómico de Galicia.

Tanto a avaliación das políticas públicas como a dos servizos públicos, realizaranse a través dunha modalidade interna e outra externa. No caso das políticas públicas, os plans, programas ou instrumentos asimilados de planificación serán estudados polos órganos responsables de cada un e recolleranse nos informes de resultados anuais e finais, mentres que a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación determinará que plans serán obxecto de avaliación externa pola consellería competente neste ámbito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA UNIVERSALIZARÁ A POSIBILIDADE DE ABOAR ON LINE TODAS AS XESTIÓNS COA ATRIGA

- *Este método de pago é rápido, sinxelo e seguro, e aforra tempo aos cidadáns, que xa que non terán que desprazarse ás oficinas bancarias*
- *Esta medida aforrará de media 75 euros ao contribuínte, ao evitalle custos derivados de xestión, de desprazamento e de tempo de falta no seu traballo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un decreto a través do cal a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) universalizará a posibilidade de que calquera cidadán poida aboar on line, a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta de crédito ou débito, todos os ingresos xestionados pola mesma, polo que non terán que desprazarse ás oficinas bancarias, co conseguinte aforro de tempo e diñeiro.

Este novo decreto supón modificar o Decreto 104/2006, do 22 de xuño, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola ATRIGA, co obxectivo de implantar o sistema de pago por tarxeta mediante TPV.

Trátase dun método rápido, sinxelo e seguro, e cun evidente aforro de custos, en concreto 75 euros de media por cada xestión tributaria, no caso de empregar un solicitante a modalidade telemática fronte á presencial, segundo a 'Guía para a análise do impacto normativo', do Ministerio de Política Territorial e Función Pública. Neste aforro compútanse posibles custos derivados de xestión, desprazamento e de tempo de ausencia na súa actividade laboral.

Ademais, este instrumento presenta como vantaxes a autenticidade, confidencialidade e integridade mediante o establecemento de conexións seguras cos servidores web das entidades financeiras para realizar os pagos, ademais da plena dispoñibilidade para o seu acceso para todos os contribuíntes.

Novo aprazamento de impostos

A Xunta vén de ampliar o aprazamento dos principais impostos autonómicos (Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns e Tributos sobre o Xogo) ata o vindeiro 2 de novembro, para dar máis liquidez a cidadáns e empresas. Isto supón ampliar en catro meses o actual aprazamento.

Segundo os cálculos da Axencia Tributaria de Galicia, esta medida está a beneficiar cada mes a unhas 32.000 persoas e empresas, e supón que a facenda autonómica deixa de ingresar uns 35 millóns de euros cada mes.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA PRORROGA AS BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL ANTE A EMERXENCIA GLOBAL PROVOCADA POLA COVID-19

- *As persoas beneficiarias das actuais bolsas de formación, que foran convocadas no 2019, non poden desenvolver a súa formación presencial desde o mes de marzo*
- *Ante a interrupción do seu período de formación, a Xunta acordou ampliar ata o 31 de agosto de 2021 as súas bolsas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe prorrogar as seis bolsas de formación de persoas expertas no ámbito da cooperación internacional para o desenvolvemento, concedidas ao amparo da Orde do 14 de maio de 2019, ante a situación de emerxencia global xerada pola pandemia da covid-19.

O obxectivo destas bolsas é apoiar a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento a través de estadías na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e nas Unidades de Cooperación no Exterior da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. Concretamente, na actualidade, catro persoas están destinadas nas Oficinas Técnicas de Cooperación de Guatemala, República Dominicana, Perú e Mozambique, e as dúas restantes na sede da Dirección Xeral.

A situación de emerxencia sanitaria motivou que as persoas bolseiras visen interrompido o seu proceso formativo de forma presencial desde o mes de marzo, ao comezar a funcionar con servizos mínimos ou coa modalidade de teletraballo todas as súas oficinas de destino.

As dificultades para garantir un desfrute normalizado das bolsas xustifican a decisión de ampliar o seu prazo e asegurar que as persoas bolseiras poidan completar a súa formación de maneira adecuada. A convocatoria inicial estendíase de setembro de 2019 a setembro de 2020, pero, ante as circunstancias actuais, este prazo ampliárase ata setembro de 2021.

As persoas beneficiarias que teñen o seu destino no exterior reciben 1.200 euros brutos mensuais, máis 3.000 euros de gastos de viaxe, e as que teñen como destino a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE reciben 1.000 euros brutos mensuais.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DE MORÁS PARA CONVERTELO NO POLÍGONO DE REFERENCIA DO NORTE DE GALICIA

- *O Consello autorizou esta mañá un investimento de case 18 millóns de euros na conexión do saneamento e na urbanización da Fase B desta gran área empresarial*
- *A empresa pública Xestur licitará a obra de conexión exterior do saneamento do parque arteixán por máis de 6,4 millóns de euros, mentres que o contrato para urbanizar a segunda fase do polígono ascenderá a máis de 11,3 millóns*

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente a modificación do proxecto sectorial do parque empresarial de Morás, no Concello de Arteixo, un paso fundamental para seguir avanzando na consolidación e desenvolvemento deste polígono, que aspira a converterse nun referente para a comarca coruñesa, tanto pola súa localización estratéxica como pola dispoñibilidade de solo que ofrecerá unha vez concluídas todas as súas fases.

O obxecto desta modificación é adaptar á demanda real as dimensións dalgunhas parcelas inicialmente previstas con grandes dimensións nas fases C e D, ao tempo que noutra parte do parque se agrupan parcelas e eliminan viarios previstos para dar resposta á demanda dunha gran plataforma. A modificación do proxecto sectorial tamén varía lixeiramente o trazado da conexión exterior do saneamento e da conexión exterior do abastecemento de auga. Ademais, incorpórase ao mesmo o trazado do viario de conexión do ámbito coa autovía A-6 aprobado pola Axencia Galega de Infraestruturas.

Coa aprobación da modificación do proxecto sectorial de Morás ratificada esta mañá polo Consello permítese tamén a licitación de varias obras previstas no parque e nas que a Xunta de Galicia investirá un total de 17.782.806 euros. Concretamente, trátase da conexión exterior do saneamento do polígono e das obras de urbanización da fase B do mesmo, dúas actuacións que licitará a empresa pública Xestur Galicia.

Conexión do saneamento e fase B

Xestur licitará as obras de conexión exterior do saneamento do parque empresarial por un importe de 6.463.161,49 euros e un prazo de execución de 16 meses. O obxecto do proxecto é a construción das actuacións necesarias para recoller e transportar as augas residuais desde o polígono industrial de Morás ata a arqueta de carga do sifón de Bens.

Para isto, construírse un sistema de colectores e elementos complementarios de saneamento de forma que os caudais de augas residuais xerados no polígono industrial de Morás sexan incorporados ao actual sistema de saneamento municipal do



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

núcleo de Arteixo. Isto contempla a renovación e ampliación da rede de colectores ao longo de 6,7 quilómetros aproximadamente, na súa maioría por gravidade.

Por outra parte, a empresa pública Xestur tamén licitará a obra de urbanización da fase B do polígono –que foi adxudicada a Hijos de Rivera hai un ano na maior operación de venda de solo empresarial a unha soa empresa na historia da comunidade- por un importe de 11.319.644,51 euros e un prazo de execución de 12 meses.

OBRA DE CONEXIÓN EXTERIOR DO SANEAMENTO






MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL

PROXECTO SECTORIAL INICIAL



PROXECTO SECTORIAL MODIFICADO





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E HUMANIZACIÓN DO PRINCIPAL ACCESO AO POLÍGONO DE SABÓN, EN ARTEIXO, CUN INVESTIMENTO DE 5,9 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará nos vindeiros días a contratación das obras na avenida da Deputación co obxectivo de inicialas este mesmo ano*
- *A actuación enmárcase nun convenio de colaboración co Concello de Arteixo, que asume a posta á disposición dos terreos e a conservación cando rematen os traballos*
- *A avenida da Deputación pasará a contar con catro carrís entre a glorieta elevada de Sabón e a avenida da Enerxía e mellóranse as interseccións, especialmente coas avenidas do Embalse e da Moda*
- *Habilitaranse beiravías, beirarrúas e prazas de aparcadoiro onde sexa posible, de forma compatible coa funcionalidade do polígono*
- *A intervención solucionará as retencións de tráfico en horas punta na intersección da avenida da Deputación e as estradas AC-552 e AC-551*
- *Esta obra complementa as xa realizadas nos últimos anos para mellorar os accesos ás áreas empresariais da comarca da Coruña*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras necesarias para a ampliación da capacidade do principal acceso ao polígono industrial de Sabón, no municipio de Arteixo, cun investimento autonómico de 5,88 millóns de euros. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará os vindeiros días a contratación das obras da avenida da Deputación, co obxectivo de inicialas este mesmo ano.

Esta nova actuación do Goberno galego inscríbese no marco do convenio de colaboración asinado co Concello de Arteixo e a Xunta, que se encarga de financiar e contratar a execución das obras, correspondéndolle á entidade local a xestión dos terreos e asunción da conservación e explotación unha vez rematados os traballos.

O principal acceso ao polígono de Sabón é a avenida da Deputación, e con esta actuación, a Xunta de Galicia ten como obxectivo dar solución ás actuais retencións de tráfico en horas punta na intersección deste avenida e as estradas AC-552 e AC-551.

Con estas obras, a avenida da Deputación pasará a contar con catro carrís no treito entre a glorieta elevada de Sabón e a avenida da Enerxía. Ademais, a intervención inclúe a reconfiguración das interseccións, especialmente coas avenidas do Embalse e da Moda, mediante a execución de glorietas, nas que se instalará unha sinalización deseñada especificamente para os fluxos de tráfico que se agardan.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, e de xeito compatible coa funcionalidade do polígono, habilitaranse beiravías, beirarrúas e aparcadoiro nas zonas onde sexa posible.

As obras de ampliación e humanización da avenida da Deputación complementan outras actuación executadas pola Xunta de Galicia nos últimos anos co obxectivo de mellorar os accesos ás áreas empresariais da comarca da Coruña.

A XUNTA AXUDARÁ A 35.000 AUTÓNOMOS GALEGOS A FACER FRONTE AOS SEUS GASTOS DIARIOS E OS CUSTOS DERIVADOS DO ENVÍO DE PRODUTOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 16 M€ a esta nova orde de axudas directas que se enmarca no Plan de reactivación económica de Galicia e que vai en liña coa Estratexia do Autónomo*
- *O Cheque Autónomo Seguimos Adiante financiará o 100%, cun límite de 1.800 euros, de gastos en loxística e transporte de envíos, pagos por estar nunha plataforma de e-commerce local, pola licenza de uso de software de venda online, gastos correntes de seguridade, ou de subministracións e telecomunicacións*
- *Poderán efectuarse anticipos e cubriranse importes realizados desde a declaración do estado de alarma*

O Consello da Xunta deu luz verde ao Cheque Autónomo Seguimos Adiante, un novo programa enmarcado no Plan de reactivación económica de Galicia e consensuado co sector que ten como obxectivo consolidar o emprego neste colectivo e apoialo para facer fronte aos gastos do día a día.

A medida conta cun orzamento de 16M€ e prevese apoiar a un total de 35.000 autónomos financiando o 100%, ata un límite de 1800 euros, do custo de determinados gastos correntes, como loxística e transporte de envíos (ata 3€ por envío); o pago por estar nunha plataforma de e-commerce local; o pago por licenza de uso de software de venda online; promoción en redes sociais; gastos correntes de seguridade motivados pola covid-19, entre os que se encontran os gastos en máscaras, guantes, desinfectante, limpeza, biombos e asesoramento en prevención de riscos laborais; e os gastos de subministracións e telecomunicacións.

Estas axudas prevén anticipos do 100% e cubrirán os gastos realizados desde a declaración do estado de alarma ata o 31 de decembro deste ano. O autónomo beneficiario deberá estar en activo e adquirir o compromiso de manter a actividade e o emprego durante tres meses.

Con esta iniciativa preténdese favorecer a consolidación dun emprego autónomo estable e de calidade, xa que a actividade das empresas é vital para a recuperación do emprego e, neste caso, o autoemprego é unha vía eficaz para facilitar a incorporación ou reincorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas.

O Cheque Autónomo enmárcase no Plan de reactivación económica de Galicia, onde este colectivo pode acceder a axudas que suman 122 M€. A nova medida tamén está en liña coa Estratexia do Autónomo de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE INVESTIRÁ 83 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA POSCOVID-19

- *Recolle a creación de 241 novas prazas, das que 54 son para psiquiatras, 45 para psicólogos clínicos e 66 para enfermeiros especialistas en saúde mental*
- *O Plan establece 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega, así como á mellora na asistencia sociosanitaria das persoas que padecen algún trastorno mental*
- *Daráselle prioridade ao desenvolvemento a curto prazo de acción encamiñadas a diminuír o impacto da covid-19 na saúde mental*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, presentou hoxe no Consello da Xunta o Plan de Saúde Mental de Galicia Poscovid-19, que contará cun orzamento de 83 millóns de euros. Este presuposto está orientado a incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais, a desenvolver programas para a recuperación da persoas con trastorno mental severo e a fomentar a investigación nestas patoloxías.

O Plan establece 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega, así como a establecer melloras na asistencia sociosanitaria das persoas que padecen algún trastorno mental.

Unha das características do Plan é que se lle vai dar prioridade ás accións a curto prazo dirixidas a diminuír o impacto da pandemia da covid-19 na saúde mental e no benestar emocional das persoas. Para iso, durante este ano, vaise reforzar o número de profesionais nos dispositivos asistenciais do Sergas para desenvolver programas específicos orientados á atención ao trauma, ao dó e á depresión. Tamén se vai ter en conta a atención aos maiores e persoas ingresadas en centros sociosanitarios, así como favorecer a teleasistencia como ferramenta de reforzo das consultas presenciais, o apoio aos profesionais sanitarios de primeira liña de acción fronte á covid-19, e o fortalecemento dos programas de prevención do suicidio.

Para cumprir os seus obxectivos, o Plan recolle a creación de 241 novas prazas en catro anos, das que 54 son para psiquiatras, 45 para psicólogos clínicos e 66 para enfermeiros especialistas en saúde mental. Tamén haberá cinco novas prazas para terapeutas ocupacionais, 42 para auxiliares de enfermería e 29 para traballadores sociais.

Tamén se contempla a creación de novos dispositivos asistenciais localizados en centros de especialidades, centros hospitalarios e centros de atención primaria. Trátase de cinco novas unidades de saúde mental (dúas en Santiago, dúas en Vigo e unha na Coruña) e dúas unidades de psioxeriatría (na Coruña e en Ourense), así como a creación dunha unidade de hospitalización para nenos e adolescentes no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, que será de referencia para a zona sur de Galicia. Ademais,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

vanse crear dúas unidades ambulatorias de saúde mental infanto-xuvenil en Vigo e A Coruña e vaise reforzar a de Santiago. Tamén se dotará a todas as áreas sanitarias de hospitais de día infanto-xuvenís para a atención ás patoloxías de maior gravidade. Así mesmo, vanse incrementar as prazas de hospitalización de agudos e prazas hospitalarias, destinadas á rehabilitación das persoas con trastorno mental grave.

Consideracións sobre a saúde mental

A saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais: é un estado completo de benestar físico, mental e social no que a persoa pode acadar os seus obxectivos, sendo capaz de facer fronte ao estrés da vida, traballar de xeito fructífero e contribuír a súa comunidade. A saúde mental é unha materia de interese para todos e non só para aqueles afectados por un trastorno mental.

Estímase que un 20% da poboación que vive en sociedades industrializadas experimentará algún trastorno mental ao longo da súa vida, e que o 80% restante coñecerano en familiares ou amigos. Estes trastornos afectan a persoas de calquera idade, condición económica, nivel educativo ou cultural e supoñen un elevado custo para o individuo, a familia, o sistema sanitario e a comunidade en xeral.

A pandemia por covid-19 constitúe un factor de risco na presentación de problemas de saúde mental tanto en persoas previamente sas como os que xa tiñan necesidades nese eido. A pandemia por covid-19 engádese a outras situacións que xeran vulnerabilidade como a discriminación de xénero, a exclusión social, os estilos de vida pouco saudables, o baixo nivel educativo, a violencia e a mala saúde física.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo. A renovación desta colaboración coas tres universidades galegas permite a utilización das institucións sanitarias co obxectivo docente, asistencial e de investigación.

Esta colaboración –iniciada no 2001– conta cun orzamento global que ascende a 4.746.241 euros para un período dun ano: o segundo semestre de 2020 e o primeiro semestre de 2021.

Esta achega representa o compromiso da Consellería e o Servizo Galego da Saúde dunha banda, cos seus profesionais para que compartan a actividade asistencial coa actividade docente e investigadora. Doutra banda, representa o compromiso co alumnado ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos.

O orzamento dos concertos está destinado a financiar todo o custo de persoal derivado da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais. Tamén o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración, como a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro e o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel. Así como traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, os concertos potencian a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA REVISA E ADAPTA AS MEDIDAS CONTRA A COVID-19 APROBADAS HAI DÚAS SEMANAS PARA REFORZAR A PREVENCIÓN E SEGUIR AVANZANDO NA REACTIVACIÓN SOCIAL E ECONÓMICA

- *Galicia entrou na nova normalidade o pasado luns 15 de xuño despois de que o Goberno central aceptase a petición do Goberno galego*
- *O acordo coas medidas será publicado nos próximos días no DOG e recollerá o reforzo da obrigatoriedade do uso da máscara e a necesidade de que os sintomáticos comuniquen a súa situación*
- *Tamén incluírá o reforzo dos mecanismos de control e seguimento ante posibles casos positivos e a progresiva apertura dos locais de ocio nocturno a partir do 1 de xullo, entre outras medidas*

O Consello da Xunta revisou esta mañá o acordo de medidas de prevención para facer fronte á pandemia aprobado o pasado 12 de xuño, cando o Goberno central aceptou a petición do Goberno galego para que Galicia se convertese na primeira Comunidade en abandonar o estado de alarma e entrar deste xeito na denominada nova normalidade.

Así, despois de analizar a evolución, adaptouse o acordo co dobre obxectivo de reforzar a prevención e de seguir progresando na reactivación da actividade social e económica.

En concreto, o acordo será publicado nos próximos días no Diario Oficial de Galicia e recollerá, entre outras medidas, as seguintes: refórzase a obrigatoriedade do uso da máscara; incídese na necesidade de que os sintomáticos comuniquen a súa situación; e refórzanse os mecanismos de control e seguimento ante posibles casos positivos.

Ademais, permítese a progresiva apertura dos locais de ocio nocturno a partires do 1 de xullo, con dous terzos do aforo máximo en discotecas, uso de máscara e un sistema de rexistro no acceso para poder localizar aos asistentes en caso de producirse un brote. No caso de que se produzan brotes, esta normativa quedaría anulada total ou parcialmente.

E, en xeral, auméntase en todos os ámbitos –como por exemplo nas praias ou parques infantís- o aforo máximo: pasaría dunha persoa por cada 4 metros cadrados a unha persoa por cada 3 metros cadrados.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA REFORZA A VIXILANCIA CONTRA OS LUMES NOS MONTES GALEGOS COA OPERACIÓN CENTINELA EN COLABORACIÓN CO EXÉRCITO

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Exército e Medio Rural para incorporar 27 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais*
- *Por medio deste acordo procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas*

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 27 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil do Exército.

Mediante este acordo, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos seus potenciais axentes causantes e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Desta forma, Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos da unidade das Forzas Armadas é de case 470.000 euros, unha cantidade idéntica á do pasado ano.

O Ministerio de Defensa, pola súa parte, levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 27– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. A incorporación de medios e persoal poderá ser superior se aumenta o esforzo por situacións de risco alto ou moi alto, chegando ás 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia se o nivel de risco é moi alto.

Este persoal do Exército, coñecido co nome de Operación Centinela Gallego, sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito, procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e os bens e, en xeral, a protección e defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte a ameaza dos lumes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINARÁ EN 2020 MÁIS DE 400.000 EUROS PARA FINANCIAR OS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

- *A Escola Galega de Administración Pública convoca estas axudas de xeito anual para contribuír á eficiencia e á eficacia dos servizos prestados polas entidades locais*
- *Por vez primeira, en 2020 a Xunta xestionará o procedemento de xeito íntegro, o que se traducirá nunha maior axilidade e nunha mellor atención aos solicitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia por parte da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2020, no que se establece unha contía de 403.843,50 euros.

A convocatoria destas axudas persegue dotar de fondos os entes locais solicitantes para que poidan complementar os recursos propios destinados a formar ao seu persoal. Deste xeito, o Goberno galego mantén a aposta pola formación dos seus empregados públicos como garante dun servizo de calidade, xa que estas accións repercutirán directamente na eficiencia e eficacia das entidades locais.

Para a convocatoria de 2020, a principal novidade é a xestión íntegra do procedemento por parte da Xunta, xa que mudará o xeito de presentación das solicitudes, pasando de usar a plataforma informática do Estado a empregar a plataforma electrónica da Xunta de Galicia. Este novo proceder permitirá gañar en autonomía na súa tramitación, o que se traducirá nunha maior axilidade, nunha mellor atención ás entidades solicitantes e, polo tanto, ao incremento da eficiencia da Administración. Deste xeito, facilítanse os trámites para a EGAP e as entidades locais, e redúcense os prazos á vez que diminúe considerablemente o tempo de resposta na tramitación de consultas e incidencias.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA SOMETE A CONSULTA O DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO DA LEI DE PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA PARA COMPLETAR O MARCO NORMATIVO

- *O obxectivo principal é clarificar, simplificar e ofrecer seguridade xurídica nunha materia tan sensible como o benestar animal, ao tempo que se equipara a lexislación galega á doutros estados europeos máis avanzados neste eido*
- *Por primeira vez, búscase integrar nun só documento toda a regulación aplicable en Galicia aos animais domésticos e aos potencialmente perigosos*
- *A fase de consulta pública previa do documento durará 15 días naturais*
- *A través da elaboración do regulamento, preténdese concretar e completar os obxectivos da Lei de protección e benestar dos animais de compañía, que en pouco máis de dous anos logrou aumentar nun 37% as altas no rexistro*

O Consello da Xunta acordou esta mañá someter a consulta pública previa por un período de 15 días naturais o desenvolvemento regulamentario da Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, un texto que desde a súa entrada en vigor, en xaneiro de 2018, marcou un antes e un despois na loita contra o abandono e o maltrato animal en calquera das súas formas, promovendo a concienciación de toda a sociedade.

O obxectivo principal desta nova disposición regulamentaria é clarificar, simplificar, unificar, concretar e completar o réxime que debe resultar de aplicación á protección e benestar dos animais de compañía na Comunidade. Deste xeito, darase un paso máis e definitivo para pechar o marco legal vixente en Galicia, equiparándoo ao dalgúns dos estados europeos máis avanzados na materia e situándonos á vangarda en canto á implementación de medidas e ferramentas para o control do abandono animal e a loita fronte ao maltrato.

Outra das novidades que introducirá o novo texto é que, por primeira vez, se integra nun só documento a regulación que se aplicaba en Galicia aos animais de compañía e aos animais potencialmente perigosos, aspectos desenvolvidos a día de hoxe a través de dous decretos que se aprobaron hai dúas décadas.

Deste modo, preténdese gañar axilidade e ofrecer maior seguridade xurídica aos administrados, xa que, entre outras cuestións, o novo regulamento incorporará as disposicións do Convenio Europeo sobre protección de animais de compañía (ratificado por España en outubro de 2017 e en vigor desde febreiro de 2018) que ofrece unhas prácticas comúns básicas aos países que o ratifican, aínda que a maior parte xa están incluídas no noso ordenamento xurídico.

Para acadar todos estes obxectivos, o novo regulamento incorporará aspectos como a concreción das atencións hixiénico sanitarias que, como mínimo, deben ser esixidas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

para obter un certo estándar de bo trato animal, a definición polo miúdo das obrigas dos donos, ou o establecemento dos requisitos para o transporte dos animais de compañía e para a prestación dos servizos de recollida e acollimento por abandono.

Tamén se definirán os métodos autorizados para a eutanasia animal, a regulación dos supostos nos que é obrigatorio a contratación dun seguro de responsabilidade civil ou o establecemento do número máximo de exemplares que poderán estar nun mesmo fogar de acollida.

No eido administrativo, deberanse regular os requisitos e procedementos das autorizacións e demais instrumentos de control previstos na Lei de protección e benestar dos animais de compañía, entre outros, os correspondentes á autorización ou comunicación previa dos núcleos zoolóxicos; á autorización de eventos con animais de compañía; á inscrición das entidades animalistas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía; ou á declaración de entidades colaboradoras da Administración xeral da Comunidade.

Así mesmo, o desenvolvemento regulamentario da lei aprobada en outubro de 2017 permitirá introducir máis claridade e precisión no actual marco normativo autonómico, e contribuirá á implantación de medidas máis concretas e eficaces para o control do abandono animal e a consecución do obxectivo de acadar o maltrato 0.

Neste sentido, o regulamento irá na mesma liña que a propia Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, apostando pola vía da concienciación e da educación á cidadanía no respecto aos animais e como unha ferramenta normativa de gran valor para que avance o conxunto da sociedade. De feito, un dos obxectivos da Xunta ao promover primeiro un cambio legal importante nesta materia, e agora o seu desenvolvemento regulamentario, é acadar que Galicia sexa unha comunidade libre de abandono.

Maior sensibilidade e concienciación social

A concienciación social promovida pola Lei 4/2017 nunha materia que esperta cada vez maior sensibilidade entre os galegos xa empeza a ter un claro reflexo na práctica, con datos que o acreditan. Así, desde a súa entrada en vigor hai pouco máis de dous anos, produciuse un aumento substancial en toda a Comunidade tanto das identificacións con microchip como das altas no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC), que hoxe suma arredor de 624.500 inscricións, é dicir, un 37% máis das que había no momento en que se empezou a aplicar o cambio normativo.

Así mesmo, cómpre lembrar que a día de hoxe hai 31 centros de recollida de animais abandonados debidamente inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos, dos cales 22 son públicos e nove de titularidade privada, e que están sendo xestionados maioritariamente por entidades de protección e defensa dos animais (16, en concreto).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESEÑARÁ UNHA ESTRATEXIA GALEGA DE MOBILIDADE QUE DEFINA UNHA REDE COORDINADA DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS MODERNA, SOSTIBLE E EFICIENTE QUE AUMENTE A COMPETITIVIDADE

- *O Goberno galego licitará en verán este traballo, que se desenvolverá en varias fases, nun prazo de dous anos*
- *Entre os obxectivos da Estratexia salienta o de fomentar a redución de emisións asociadas á mobilidade, promovendo o transporte público, a intermodalidade e os desprazamentos non motorizados*
- *Crearase a área única de Transporte de Galicia, coa extensión do uso das tarxetas TMG e Xente Nova ao conxunto da comunidade*
- *Planificaranse actuacións para a mobilidade do futuro, con predominio de coches autónomos, eléctricos e compartidos, que disporán de estradas adaptadas con puntos de recarga, entre outras accións*
- *O plan coordinarase cunha estratexia de infraestruturas loxísticas, que potencie a mobilidade de mercadorías, a partir da oportunidade de Galicia como porto da fachada Atlántica*
- *Esta estratexia integral da mobilidade incrementará as opcións de Galicia para acceder aos diferentes plans de investimentos europeos*
- *Trátase dunha das medidas planificadas polo Goberno galego para impulsar a reactivación e a dinamización económica a través das infraestruturas e da promoción dunha mobilidade segura*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á elaboración da Estratexia galega de mobilidade para acadar unha rede de transporte e de infraestruturas moderna, eficiente, ordenada e sostible que responda ás necesidades reais de mobilidade dos cidadáns e incremente a competitividade económica da comunidade. Esta estratexia forma das medidas planificadas polo Goberno galego para impulsar a reactivación e a dinamización económica a través das infraestruturas e da promoción dunha mobilidade segura.

A Xunta licitará en verán este contrato, cun importe de máis de 865.000 euros, e desenvolverao ao longo de dous anos, en varias fases.

O obxectivo da programación é avanzar cara a unha mobilidade de futuro, adaptada ao contexto da covid-19 e da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Trátase de establecer unha mobilidade de baixas emisións, que promoverá o transporte público, a intermodalidade e os desprazamentos non motorizados dun xeito efectivo.

O plan aposta por unha mobilidade intelixente e segura, definindo as infraestruturas necesarias para as comunicacións das persoas en todos os ámbitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A estratexia será de carácter multimodal, é dicir, fomentará a cultura cidadá e empresarial da mobilidade sostible. Para isto, potenciaranse as formas de desprazamento que reduzan os impactos negativos do uso do automóbil.

O programa aposta con determinación por un sistema de transporte público, coordinado e sostible. En canto ao transporte interurbano de viaxeiros, implantarase unha área única de Transporte de Galicia, coa extensión a todo o territorio das tarxetas TMG e Xente Nova.

A tarxeta TMG permite descontos nas tarifas do transporte público e a Xente Nova posibilita que os menores de 21 anos viaxen gratis nos autobuses interurbanos da Xunta.

Nas estradas, a mobilidade do futuro xirará en torno aos vehículos autónomos, eléctricos e compartidos. Por iso, en base ás conclusións desta estratexia, elaborase unha planificación de vías adaptada ás novas modalidades de mobilidade.

Ademais da programación da execución de novas estradas e o acondicionamento do viario existente, incluíranse sendas peonís e ciclistas, adaptaranse as vías para o funcionamento do coche autónomo e determinaranse puntos de recarga para vehículos eléctricos.

A Estratexia Galega de Mobilidade coordinarase coa Estratexia Loxística de Galicia 2020–2028, que tamén se prevé licitar este verán. Esta última avanzará, desde o punto de vista das infraestruturas, na cohesión territorial para minorar o efecto da posición periférica de Galicia respecto ao resto de Europa e potenciar a oportunidade como porto da fachada Atlántica.

Esta planificación integral da mobilidade situará a Galicia con maior vantaxe para poder acceder aos diferentes plans de investimentos europeos, que están condicionados a contar nos estados membros con estratexias concretas.

Proceso de elaboración da Estratexia

Para elaborar a estratexia, realizarase un intenso traballo de campo, que comezará pola análise da situación actual das infraestruturas de transporte dentro de Galicia e co exterior, así como da súa intermodalidade.

Utilizaranse datos de telefonía móbil, cumprindo coas normativas vixentes de protección de datos, que se tratarán mediante tecnoloxía big data e realizaranse enquisas orixe-destino para completar a información.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén se consultarán os aforos de estradas e os datos de usuarios de transporte público ou as estatísticas ferroviarias, aeroportuarias e de transporte marítimo. Con esta información elaboraranse matrices orixe/destino con segmentación por modos de transporte, en diferentes períodos e día tipo.

Posteriormente, procederase á visualización dos resultados orixe/destino entre concellos nun visor web baseado en GIS. A partir de aí, modelizarase a demanda no sistema de transportes na comunidade en distintos escenarios.

A partir da información obtida e das conclusións establecidas, redactarase a Estratexia de mobilidade, que será obxecto de consulta pública para que as persoas, administracións e organismos interesados poidan participar na planificación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA GARANTE A PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL NOS PROGRAMAS DE AXUDA DIRIXIDOS Á REACTIVACIÓN

- *A Administración autonómica asegurará que as bases reguladoras dos apoios, incentivos ou servizos teñan en conta estas entidades*
- *O Goberno galego mantén o seu compromiso coa economía social, á que leva destinado desde 2016 un 80% máis de orzamento para desenvolver este modelo centrado nas persoas, integrador, que proporciona emprego de calidade e contribúe a unha redistribución da riqueza máis equitativa*

O Consello da Xunta, na reunión desta mañá, acordou garantir a participación das entidades da economía social nas medidas de reactivación económica. Deste xeito, a Administración autonómica asegurará que as bases reguladoras dos programas, incentivos e servizos que xestione e que se dirixan tanto a empresas como traballadores, teñan en conta estas entidades -que están chamadas a xogar un importante papel na recuperación económica e laboral no contexto poscovid-19- para que a forma xurídica ou organizativa non sexa un impedimento para a súa participación.

A economía social está cada vez máis consolidada no panorama económico europeo e tamén galego, onde se calcula que a súa actividade ten un peso do 7% do PIB. De feito, dá emprego directo a case 25.000 persoas en Galicia e agrupa a outras 74.000 como persoas socias, comuneiras ou mutualistas. Só o pasado ano se crearon 110 cooperativas, ademais de 33 sociedades laborais, cinco centros especiais de emprego e dúas empresas de inserción.

As empresas da economía social están centradas nas persoas e amosan un gran compromiso coa comunidade, coa integración e coa solidariedade, polo que son xeradoras de riqueza e dinamizadoras da economía cunha forte raizame no territorio. Por este motivo, a Xunta considera esencial o seu labor e, posto que realizan unha actividade empresarial de mercado, óptase por activar os mecanismos que permitan que estas entidades teñan cabida nas medidas que se van poñer en marcha con motivo da aposta pola reactivación económica (en ocasións quedaban excluídas en certos programas debido a requisitos, condicións ou obrigas relacionadas coa forma xurídica, organización ou funcionamento).

En concreto, co obxecto de garantir a participación das cooperativas, as sociedades laborais, os centros especiais de emprego e as compañías de inserción –entidades nas que se centra a Estratexia Galega de Economía Social–, as bases reguladoras das medidas que se dirixan a empresas non limitarán a participación en función da forma xurídica das beneficiarias polo que non incluírán como requisito excluínste ser empresa mercantil ou a inscrición no Rexistro Mercantil. Tampouco se limitará a participación de empresas polo feito de non ter ánimo lucrativo.



A XUNTA IMPULSA CON 15,6 M€ A CREACIÓN DOS PRIMEIROS CINCO CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA QUE PERMITIRÁN ÁS PEMES MODERNIZAR A SÚA PRODUCCIÓN

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará a creación de espazos de uso aberto e compartido na Cidade das TIC da Coruña, o Polo loxístico liderado por Ceaga na Plisan, o centro biotecnolóxico no parque empresarial da Sionlla e nos municipios de Narón e Vilagarcía*
- *Impulsados polo clúster da automoción e o das tecnoloxías da información e a comunicación, ademais da Área Empresarial do Tambre e o Grupo Intaf, contribuirán a desenvolver a base industrial e fomentar a competitividade*
- *Tres destas infraestruturas integraranse nos Hubs de innovación dixital galegos, que agrupan máis de 4.200 empresas e entidades*
- *O Goberno galego, dentro do Plan de reactivación económica, vén de activar outra liña complementaria destinada á promoción deste tipo de centros industriais impulsados por grandes empresas tractoras*

A Xunta apoia con 15,6 millóns de euros a creación dos primeiros cinco centros de fabricación avanzada, infraestruturas industriais de uso aberto e compartido para o tecido produtivo que contribuirán a desenvolver a base industrial a nivel local e a mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas.

Tal e como se informou no Consello da Xunta, a posta en marcha das cinco novas infraestruturas vai supoñer un volume total de investimentos de 17,4 millóns de euros e estarán situadas na Cidade das TIC na Coruña, na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan), no parque empresarial da Sionlla -no municipio de Santiago de Compostela-, e nos concellos de Narón e Vilagarcía de Arousa.

Cidade das TIC

O Clúster TIC Galicia é o promotor da primeira das infraestruturas, que se construírá na futura Cidade das TIC coruñesa. O Centro de Servizos Avanzados Cidade das TIC ofrecerá ás empresas galegas un único punto de contacto no que demostrar, facer prototipos e lanzar proxectos do sector.

Busca, ademais, servir de enlace entre clientes e provedores de solucións das tecnoloxías da información e a comunicación para a transformación dixital da industria, facilitando o uso compartido de tecnoloxías e a definición de proxectos. Contará con catro laboratorios para a realización de probas e con espazos para aloxar empresas do sector. O Concello e a Universidade da Coruña colaborarán cedendo o uso dunha nave e habilitando os accesos. A Xunta achega 4,82 millóns de euros ao proxecto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Polo loxístico

A segunda iniciativa está promovida pola Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e porase en marcha no municipio de Salvaterra de Miño, na Plisan. Trátase do Centro Loxístico de Automoción, unha infraestrutura intermodal loxística compartida que proporcionará servizos de infraestrutura e xestión compartida de transporte e crear un centro de innovación loxística, aberto para a realización de actividades de formación, demostración e experimentación sobre operacións reais, co obxectivo último de optimizar a loxística do sector galego da automoción pero tamén doutros sectores, como o alimentario e o naval. Zona Franca de Vigo achegará o terreo e a construción da nave, mentres que o Goberno galego facilitará máis de 4,3 millóns de euros.

Centro biotecnolóxico

Sionlla Biotech, o terceiro dos centros, situarase no parque empresarial do mesmo nome, en Santiago de Compostela. Promovido pola Asociación Área Empresarial do Tambre, proverá a empresas biotecnolóxicas e institucións de servizos como o uso de 22 laboratorios modulares para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común. A achega da Xunta para a creación desta infraestrutura supera os 4 millóns de euros, mentres que o Concello de Santiago de Compostela cede o terreo para a construción.

Industria do aceiro e turismo

O Grupo Intaf é o promotor do Centro galego de tratamentos térmicos do aceiro, que se porá en marcha no municipio de Narón e que prestará servizos para o procesamento deste material grazas a tecnoloxías que neste momento non están dispoñibles nin en Galicia nin en España, permitindo tratar pezas de dimensións superiores ás que se poden manexar nas instalacións operativas na actualidade. Esta infraestrutura facilitará que se realicen na nosa Comunidade máis traballos de elaboración do aceiro, como na reparación de buques. A Xunta achegará 2 millóns de euros á creación deste espazo industrial.

Tamén promovido polo Clúster TIC Galicia, o Centro de Servizos Avanzados Galicia TurisTIC porase en marcha en Vilagarcía de Arousa. Co fin de ser un espazo para o desenvolvemento de innovación e tecnoloxía de rápida transferencia ao tecido produtivo turístico, integrará un laboratorio de intelixencia artificial, un de dispositivos intelixentes, un *media lab*, unha área de demostracións e unha área de formación. A achega da Xunta acada os 370.000 euros.

Integrados nos Hubs de innovación dixital

Os cinco centros deberán estar á disposición das pemes dunha forma aberta e transparente e o importe cobrado polo seu uso, que se establecerá mediante un sistema de tarifas adecuadas aos servizos que se utilicen, será o correspondente ao prezo de mercado. Nese sentido, e para garantir que a xeración destes espazos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

contribúa a impulsar a modernización da base industrial e o desenvolvemento dos ecosistemas produtivos a nivel local, deberán prestar servizos que non estean dispoñibles nese ámbito territorial no momento da solicitude ou aqueles cuxa oferta non se axuste ás necesidades das empresas.

Tres das infraestruturas que se van crear -o Centro de Servizos Avanzados Cidade das TIC (CSA-TIC), o Centro Loxístico de Automoción e o Sionlla Biotech- integraranse nos dous Hubs de innovación dixital que o Goberno galego impulsa mediante a colaboración público-privada para achegar ás pemes as solucións tecnolóxicas que precisan. Os dous primeiros farano no Hub liderado por Ceaga e o terceiro no liderado polo Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga).

Estes dous Hubs suman as capacidades de máis de 4.200 empresas e entidades que empregan a 120.000 persoas e funcionarán como unha xanela única que ofrecerán unha carteira de servizos para avanzar nas tecnoloxías da fábrica intelixente e o big data.

Liña de apoio á creación de infraestruturas abertas por grandes empresas

A liña de axudas mediante a que se apoian estes cinco proxectos vén de ser reforzada recentemente coa activación dun novo programa, dotado con 6 millóns de euros, e destinado a que grandes empresas galegas impulsen a creación do mesmo tipo de centros de fabricación avanzada.

Enmarcado no Plan de reactivación económica, ponse en marcha para ampliar as posibilidades de creación de infraestruturas industriais por parte de grandes empresas galegas, que teñen capacidade tractora e financeira para promover o uso de centros de fabricación de xeito aberto e compartido entre as pequenas e medianas empresas que exercen a súa actividade na contorna onde se implanten. Os dous programas achegarán axudas por valor de 21,6 millóns de euros e promoverán investimentos de preto de 30 millóns de euros.

No caso da liña dirixida a grandes empresas, os apoios previstos poderán acadar ata o 60% do investimento en cada novo espazo que se poña a funcionar. As axudas, que se concederán en réxime de concorrència competitiva, poderán acadar os 2,5 millóns de euros por cada un deles, e facilitaranse anticipos unha vez concedidas. Cubrirán, entre outros, investimentos en activos fixos pola realización de obras e reformas así como a adquisición de edificacións e bens de equipamento como maquinaria. Tamén nesta liña, prímase que as infraestruturas creadas se integren nos dous Hubs de innovación dixital que o Goberno galego impulsa mediante a colaboración público-privada para achegar ás pemes as solucións tecnolóxicas que precisan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APOIARÁ A CONSTRUCIÓN E O DESENVOLVEMENTO EN MADEIRA DUN
TOTAL DE 170 PROXECTOS DENTRO DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, prevé a mobilización de máis de 9 M€ en axudas a particulares, autónomos e empresas*
- *Foméntase, mediante axudas directas, o uso da madeira na elaboración de proxectos de construción de naves e locais de negocio, casas unifamiliares, desenvolvemento de envases e embalaxes e obras e reformas feitas neste material*
- *Os apoios, que cubrirán o 80% do investimento e ata un máximo de 25.600 euros, enmárcanse no Plan de reactivación económica e permiten potenciar a Galicia verde e rural*

O Consello da Xunta informou hoxe da posta en marcha de axudas para apoiar a construción e o desenvolvemento de produto con madeira dentro do Plan de reactivación económica de Galicia. Esta medida prevé apoiar un total de 170 proxectos, cos que se mobilizarán máis de 9M€.

En concreto, o programa inclúe catro liñas de apoios para o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras realizadas en madeira. Por unha parte, ofrécense axudas para a redacción de proxectos de execución de construción nova, rehabilitación de naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Por outra parte, haberá apoios a proxectos para o desenvolvemento e fabricación de envases, embalaxes ou expositores realizados con madeira. Unha terceira liña destinarase á redacción de proxectos de execución de novas vivendas unifamiliares ou rehabilitación e reconstrución. Por último, poderase optar a axudas para realizar obras de reforma ou acondicionamento de locais comerciais ou de negocio con produtos en madeira.

As axudas, que alcanzan os 1,7M€, están dirixidas tanto a empresas, microempresas e autónomos como persoas físicas, dependendo do tipo de apoio, e prevese mobilizar 9,35M€, beneficiando non só aos promotores e empresas que impulsan os proxectos, senón aos profesionais -arquitectos, enxeñeiros e deseñadores ou empresas de carpintería- que os desenvolvan. En todos os casos o importe máximo da axuda será do 80% cun límite de 25.600 euros na primeira liña; 12.000 na segunda; 16.000 na terceira e 20.000 na última.

As axudas, cuxo prazo se abrirá nos próximos días, enmárcanse no Plan de reactivación económica e, en concreto, no obxectivo de impulsar a transformación económica e industrial da Comunidade potenciando a Galicia verde e rural. Ademais están en liña coa Axenda da industria forestal 2019-2021 que pretende que os produtos forestais actúen como o elemento central para fomentar a bioeconomía, utilizando a madeira como elemento de orixe natural, reciclable e reutilizable.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Deste xeito, este programa de apoios servirá para fomentar a demanda de produtos de madeira, tendo en conta a utilización de elementos locais e tamén a protección medioambiental. Neste sentido, para a fabricación de envases en madeira os solicitantes disporán dunha ferramenta de autoavaliación ambiental, que establece o impacto en función da especie de madeira utilizada e da localización dos provedores, favorecendo a produción local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA MOBILIZARÁ 160 M€ ATA O ANO 2025 PARA CONSOLIDAR O POLO AEROESPACIAL E SITUARSE COMO REXIÓN LÍDER NO EIDO DOS VEHÍCULOS NON TRIPULADOS

- *O reto principal no próximo lustro é transformar os resultados tecnolóxicos obtidos ata agora en desenvolvemento industrial e crecemento económico*
- *O 30 de xuño publicarase unha consulta ao mercado dirixida a empresas, centros de investigación e institucións interesadas en colaborar coa Xunta no seu obxectivo de empregar os vehículos non tripulados para a mellora dos servizos públicos*
- *Seguir apostando por esta industria permitirá impulsar a cohesión territorial en Galicia, atraer o investimento de empresas líderes e favorecer a comercialización e internacionalización dos produtos e solucións de alta intensidade tecnolóxica desenvolvidos na Comunidade*
- *Entre 2015 e 2020, o Polo Aeroespacial de Galicia mobilizará 164 M€, con máis de 450 persoas traballando actualmente en 59 proxectos nos que participan medio centenar de empresas e centros investigadores*

O Polo Aeroespacial de Galicia enfronta un novo período de actuación entre 2021 e 2025 co obxectivo de dar resposta a novos retos a través da creación de instrumentos de colaboración público-privada que permitirán mobilizar 160 M€ e consolidar así este proxecto e situar a Comunidade como rexión líder no eido dos vehículos non tripulados.

O principal reto para este período será transformar os resultados tecnolóxicos obtidos ata o momento en desenvolvemento industrial e crecemento económico a longo prazo, reforzando as infraestruturas existentes, consolidando a industrialización de equipos e sistemas e desenvolvendo solucións de interese que melloren os servizos.

Tal e como se informou na reunión desta mañá do Consello da Xunta, unha das primeiras accións será a publicación, o vindeiro 30 de xuño, dunha consulta ao mercado dirixida tanto a empresas como centros de investigación e institucións interesados en colaborar coa Xunta no seu obxectivo de mellorar os servizos públicos mediante os vehículos aéreos non tripulados.

O obxectivo desta consulta ten un carácter estratéxico para seguir definindo o futuro do Polo Aeroespacial de Galicia e deste sector emerxente. Así, preténdese obter información sobre estratexias de desenvolvemento de produtos, servizos e solucións das empresas do sector que poidan ser obxecto de colaboración público-privada; coñecer as propostas específicas sobre a creación de aplicacións e solucións de interese de cara a elaborar un mapa de demanda temperá tanto para o sector público como privado; achegarse aos retos do sector privado e ao interese de empresas usuarias por participar nun potencial programa de Compra Privada de Innovación;

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

identificar as necesidades daquelas empresas cuxa tecnoloxía baseada en drons está en fase de industrialización ou de comercialización; e detectar o interese doutras organizacións e institucións nacionais e internacionais por colaborar co Polo Aeroespacial de Galicia.

As principais novidades, con respecto a consultas anteriores, son que nesta ocasión poderán participar tamén empresas que prevén emprego de drons nas súas operacións (como servizo de paquetería, transporte de viaxeiros...); institucións (co obxectivo de crear unha rede de compradores públicos interesados nestas tecnoloxías); e empresas que se atopen en fase de industrialización de proxectos.

Dentro das accións preliminares que se están desenvolvendo, inclúese unha consulta interna aos axentes que participaron nesta iniciativa no período 2015-2020 e a adquisición dun simulador U-Space para o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) a través dunha licitación de Compra Pública de Innovación impulsada polo CDTI no marco dun convenio asinado co Goberno galego.

Nesta nova fase preténdese impulsar o crecemento económico e a cohesión na rexión, a través do apoio a este novo sector de alta tecnoloxía; consolidar Galicia como unha rexión referente en Europa no segmento dos drons; atraer empresas líderes para que invistan en Galicia; e favorecer a comercialización e internacionalización dos produtos e servizos desenvolvidos polas empresas do sector aeroespacial en Galicia.

Desde 2015, o Polo Aeroespacial de Galicia está mobilizando 164 M€ a través de investimento público-privado, o que está permitindo desenvolver 59 proxectos nos que participan 52 empresas e centros de investigación que xeran máis de 450 empregos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 1,1 MILLONES DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Desta cantidade, preto de 900.000 euros son para camas de hospitalización, centrais de monitorización e equipamento de raios x*
- *Tamén se dedican ao redor de 250.000 euros para a subministración de material nos centros da Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor de 1.131.214 euros, para subministrar material e equipamento aos hospitais do Sergas fronte á covid-19.

A primeira destas contratacións refírese á adquisición de material por un total de 883.160 euros. Comprende 239 camas de hospitalización das que 120 son para o Hospital Universitario da Coruña e 119 para o Hospital Universitario de Ourense por valor de 665.889 euros, e 11 centrais de monitorización para varios hospitais cun importe de 142.271 euros. O importe restante, 75.000 euros, é para un equipo portátil dixital de raios x para o Hospital Público de Monforte.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

Preto de 250.000 euros para a Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Os outros dous expedientes que tamén autorizou esta mañá o Consello da Xunta son relativos ao subministro de determinados materiais e produtos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para facer fronte á pandemia da covid-19. O investimento total destas adquisicións ascende a 248.034 euros.

O primeiro deles contempla a terceira compra de diverso material fronte á covid-19 para os centros da Área sanitaria, cun orzamento de 229.869 euros destinados a material de conservación e reparación tanto de inmobles como de máquinas e instalación, material de oficina ordinario e informático, ademais de mobiliario e enseres. Tamén para a adquisición de material de vestiario, material e instrumental sanitario e material de laboratorio entre outros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O obxecto do segundo dos expedientes é a adquisición de material de vestiario, instrumental e pequenos utensilios sanitarios, ademais doutro material tanto sanitario como non sanitario para consumo e reposición, que neste caso irían destinados ao Hospital Público do Barco de Valdeorras. O importe neste caso ascende a 18.165 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INVESTIRÁ 23 M€ NA MELLORA DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN SOCIAL DE GALICIA

- *Desenvolveranse actuacións de carácter menor en instalacións de campamentos xuvenís, escolas infantís e residencias de maiores para adaptalas aos novos requisitos xurdidos da situación sanitaria*
- *Tamén se executarán traballos para mellorar a eficiencia enerxética nos centros residenciais de maiores Volta do Castro (Santiago de Compostela), Oleiros, Carballo e Concepción Arenal (A Coruña)*
- *O groso do investimento destinarase a acometer amplas reformas en 13 centros públicos de maiores, de atención á discapacidade e de menores das catro provincias*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un conxunto de obras para a mellora de centros de servizos sociais por un valor de 23 millóns de euros. Con estas intervencións complétase o terceiro e último bloque do Plan de recuperación social de Galicia, posto en marcha para afrontar esta etapa poscovid e que inclúe tamén medidas centradas nas familias e persoas máis vulnerables, especialmente os maiores, na infancia e na xuventude.

O obxectivo deste plan é mellorar o benestar dos usuarios destas instalacións para o que se contemplan tres tipos distintos de intervencións: pequenas actuacións de reparación e mellora por 1,8 millóns de euros; traballos de mediana envergadura por un importe superior aos 2,4 millóns de euros; e obras de rehabilitación e reforma integral con máis de 18,6 millóns de euros de investimento.

A maior parte das obras menores —que engloban arranxos de instalacións eléctricas, de fontanería, pintura, adecuación dos cuartos e espazos interiores ou acondicionamento de espazos exteriores— desenvolveranse durante as vindeiras semanas nas instalacións que acollerán campamentos xuvenís, co fin de adaptalos aos novos requisitos xurdidos da situación sanitaria.

Así mesmo, nos meses de verán tamén se intensificarán as obras menores nas escolas infantís e residencias de maiores. As actuacións contrataranse na súa maioría con empresas e profesionais locais, para axudalas a recuperar o pulso despois desta época de inactividade forzosa.

Obras en residencias de maiores

O segundo paquete de obras agrupa actuacións como renovacións dos chans ou melloras do illamento das instalacións, que axudarán a mellorar a eficiencia enerxética das mesmas. A maioría destas intervencións despregaranse nas residencias de maiores, concretamente nas de Volta do Castro (Santiago de Compostela), Oleiros, Carballo e Concepción Arenal (A Coruña).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por último, o terceiro conxunto de intervencións engloba ás dos centros que precisan unha reforma máis ampla, como por exemplo: substitucións da fachada ou da cuberta dos edificios. Para financiar estas actuacións contarase co apoio de fondos Feder e primaranse os centros residenciais de maiores, menores e de persoas con discapacidade, para adaptar as súas instalacións á nova realidade xurdida da pandemia.

Con este investimento de 18,6 millóns de euros realizaranse melloras en 13 centros públicos, que son os seguintes: na provincia coruñesa, o centro de discapacidade da Coruña; as residencias de maiores Porta do Camiño (Santiago de Compostela), da Pobra do Caramiñal e de Ferrol; e os centros de menores de Ferrol e San José de Calasanz da Coruña.

Na provincia de Lugo executaranse intervencións no centro de discapacidade de Sarria e na residencia de maiores de Burela. Na provincia ourensá actuarase nas residencias de maiores dos Milagres (en Barbadás) e Castro Caldelas, e tamén no centro de menores de Montealegre, en Ourense cidade.

E na provincia de Pontevedra levarase a cabo a reforma integral da residencia de maiores de Campolongo, coa que se comezará neste ano; e mellorarase a residencia xuvenil Altamar, en Vigo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ENTREGARÁ ESTE ANO MÁIS DE 20.200 TÍTULOS DE PROPIEDAD A MÁIS DE 9.200 VECIÑOS E CONTINUARÁ OS TRABALLOS PARA DECRETAR NOVAS REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS PRIORIZANDO 27 DAS PENDENTES

- *Aquelas parcelarias con procedemento aberto nas que aínda non se entregaron os títulos debido á entrada en vigor da reforma da Lei hipotecaria, a Xunta xa publicou a acta de toma de posesión en 87 delas e prevese chegar este ano ás 100*
- *Isto supón que case 59.000 propietarios de case 90.000 fincas xa son donos e xa poden traballar nas súas novas parcelas aínda que non dispoñan dos títulos, é dicir, os propietarios xa poden facer uso das súas leiras*
- *Con isto, a Consellería do Medio Rural dá cumprimento ao seu Plan de reactivación, no que se contempla o impulso das reestruturacións parcelarias como elemento para dotar de base territorial ás explotacións*
- *Entregaranse os títulos de 20 zonas de concentración parcelaria na nosa Comunidade*
- *A futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia tamén apostará por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras*

O Consello da Xunta deu o seu visto bo ao informe da Consellería do Medio Rural sobre o estado dos procesos de concentración parcelaria próximos ao seu remate definitivo e sobre aqueles que están pendentes de decretar. Así, ao longo deste ano, a Xunta entregará máis de 20.200 títulos de propiedade a máis de 9.200 veciños beneficiados de 20 procesos de reorganización do territorio.

Desta forma, a Consellería do Medio Rural dá cumprimento ao seu Plan de reactivación e dinamización para facer fronte á crise provocada pola covid-19, no que se contempla o impulso das reestruturacións parcelarias como elemento para dotar de base territorial ás explotacións.

Así, a Xunta leva tempo traballando nas distintas concentracións parcelarias co fin de para paliar o minifundismo presente na nosa Comunidade desde o punto de vista da estrutura da propiedade. Ademais, grazas a estes procesos, tamén se reduce e reverte o abandono das terras produtivas ao mellorar as condicións de desenvolvemento sostible das actividades agrícolas, gandeiras e forestais das zonas reorganizadas.

Por iso, desde o Goberno galego séguese apostando polas reestruturacións parcelarias para darlle máis valor ás terras, á vez que permite aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. De aí que as



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

novas reestruturacións parcelarias teñen unha concepción moderna da mellora das estruturas, orientadas a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións.

Así, o informe recolle que, naquelas parcelarias con procedemento aberto nas que aínda non se entregaron os títulos debido á entrada en vigor da reforma da Lei hipotecaria que fixo que houbera que revisar todos os procesos, a Xunta xa publicou a acta de toma de posesión en 87 delas e prevese chegar este ano ás 100. Isto supón que case 59.000 propietarios de case 90.000 fincas xa son donos e xa poden traballar nas súas novas parcelas aínda que non dispoñan dos títulos, é dicir, os propietarios xa poden facer uso das súas leiras. En relación coa inversión executada nestes procesos pendentes de rematar definitivamente, xa se investiu un 92% do importe necesario para acometer as obras destas concentracións.

Ademais, dende a entrada en vigor -no ano 2015- da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), estase a recibir diversas solicitudes de novas zonas de reestruturación, fundamentalmente de carácter público. Todos estes procesos novos que se decreten deberán ter entre os seus obxectivos o de mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva. É dicir, as novas parcelarias teñen que ter un fin agrario para poder desenvolverse.

Neste senso, na actualidade estase a traballar para poder decretar novas reestruturacións parcelarias, priorizando 27 das pendentes de decreto. O obxectivo fundamental é ampliar a base territorial das explotacións agropecuarias ou forestais da zona, favorecendo así a sustentabilidade deste tecido produtivo.

Cómpre sinalar que a Xunta seguirá tamén impulsando estes procesos da man da futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, que vén complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).

Xunto coas reestruturacións parcelarias públicas reguladas na Metaga, na nova lei apostarase por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras. Así, o obxectivo último das dúas normas -da Metaga e da futura Lei de recuperación- é mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

Con esta nova lei tamén se apostará por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras.



GALICIA REPOBOARÁ CON AMEIXA PRETO DE 500.000 METROS CADRADOS DE BANCOS MARISQUEIROS CON PERDA DE PRODUCCIÓN

- *Esta acción será realizada con máis de 18 millóns de unidades de semente no marco de 19 proxectos desenvolvidos por diferentes confrarías de pescadores de Galicia e outras entidades asociativas do sector*
- *A Xunta apoia estas sementeiras con fondos propios ao abeiro das axudas para proxectos de rexeneración que melloren a produtividade dos bancos marisqueiros con perda de produción e convocadas por primeira vez este ano*
- *Estes apoios aprobados por importe de máis de 213.000 euros buscan a conservación de poboacións de especies de interese marisqueiro, unha mellor xestión, fomentar o marisqueo como elemento clave na economía azul de Galicia e evitar a perda de zonas naturais*
- *Estas achegas complementan as destinadas á rexeneración de bancos marisqueiros que se convocan todos os anos e que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca*

A Xunta subvenciona a repoboación de preto de 500.000 metros cadrados de bancos marisqueiros con distintos tipos de ameixa ao abeiro da convocatoria de axudas destinadas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción que se convocaron por primeira vez este ano con fondos procedentes da comunidade autónoma.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución destas achegas no que se especifica que a repoboación será realizada con máis de 18 millóns de unidades de semente no marco de 19 proxectos desenvolvidos por diferentes confrarías de pescadores de Galicia e asociacións de marisqueo. As entidades que se beneficiarán destas sementeiras serán as confrarías de Cambados, Pontedeume, Cedeira, Ribeira, Cabo de Cruz, Vilaxoán, Barallobre, Vilanova, Moaña, Miño, Vilaboa, Carril, Illa de Arousa, Arcade, Redondela, A Pobra do Caramiñal e O Grove. Tamén realizarán sementeiras a Asociación de Mariscadores de Baldaio e a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo.

En concreto, estes apoios aprobados por importe de máis de 213.000 euros e destinados as confrarías de pescadores e outras entidades asociativas do sector son para actuar sobre aquelas zonas nas que se teña constatada unha perda de produción das especies obxectivo polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de solicitude.

Con estas achegas as confrarías e entidades do sector poden desenvolver proxectos que contribúan á conservación de poboacións de especies de interese marisqueiro, a unha mellor xestión de especies e a conservar nun estado óptimo o recurso e a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras. O obxectivo é mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros nos que se estean a rexistrar perdas de produción, fomentar o marisqueo como elemento clave na economía azul de Galicia e evitar a perda de zonas naturais que derivaría en dificultades para os ecosistemas e para a sociedade.

Atendendo ao importe dos apoios por provincias, o informe analizado hoxe no Consello reflicte que a de Pontevedra abarca máis do 70%, con 11 entidades beneficiadas e a da Coruña preto do 30% con oito entidades beneficiadas. A provincia de Lugo non presentou solicitudes.

Estas achegas complementan as destinadas á rexeneración de bancos marisqueiros que se convocan todos os anos e que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.